

Estimados estudantes:

Desexo darvos a benvida ao curso académico 2020-2021; moi especialmente se sodes alumnos de nova incorporación e integrádesvos na UNED por primeira vez. Desde este momento, tanto eu mesmo, como todo o equipo administrativo e docente do Centro Asociado á UNED en Ourense, poñémonos ao voso servizo. Tanto devandito Centro Asociado como a aula Universitaria de Valdeorras, na Rúa, que forma parte del, contan cunha serie de servizos académicos e de recursos que vos serán de suma utilidade académica, profesional e persoal: Secretaría (Ourense), Biblioteca (Ourense); Aulas de informática (Ourense), Centro de Orientación e Información ao Estudante (COIE) (Ourense); Probas presenciais: só en Ourense.

Comunicovos que a data de comezo das titorías fixouse para o luns, 5 de outubro. De acordo coas instrucións do Vicerreitorado de Centros Asociados e co Plan de Adaptación do Ensino curso 2020-2021 da UNED, as titorías impartiranse **presencialmente** no Centro Asociado e a súa Aula de Valdeorras, e emitiranse **ao mesmo tempo de forma telemática** a través de INTECCA, cumprindo con todas as normas sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia e sempre que a situación sanitaria da propia Comunidade permita.

En consonancia cos protocolos sanitarios, tivemos que limitar o aforo das diferentes aulas do Centro Asociado co fin de manter a debida distancia de seguridade. O aforo de aulas queda como segue:

AULAS	PRAZAS	AULAS	PRAZAS	AULAS	PRAZAS	AULAS	PRAZAS
AULA 1	20	TUTORÍA 1	6	TUTORÍA 8	5	TUTORÍA 13	3
AULA 2	20	TUTORÍA 3	3	TUTORÍA 9	5	TUTORÍA 14	2
AULA 3	20	TUTORÍA 5	4	TUTORÍA 10	4	SALÓN DE ACTOS	25
AULA 4	9	TUTORÍA 6	5	TUTORÍA 11	4	AUDIOVISUAIS	14
AULA 5	7	TUTORÍA 7	6	TUTORÍA 12	2		

Esta táboa inclúese no **Plan de continxencia e protocolo de adaptación #ante o inicio do curso 2020/21 no centro asociado á UNED en Ourense e a súa aula universitaria de Valdeorras:**

[https://qinnova.uned.es/archivos\\_publicos/qweb\\_paginas/16285/protocolofinal.pdf](https://qinnova.uned.es/archivos_publicos/qweb_paginas/16285/protocolofinal.pdf)

Dadas estas limitacións de aforo, se acudise un maior número de alumnos, entrarán na aula por estrita orde de chegada ao Centro. É moi importante telo en conta mentres dure esta pandemia.

No Centro usaremos sempre máscara e hai varios puntos de subministración dun produto desinfectante. Recoméndase non permanecer nos corredores e gardar a debida distancia de seguridade en todo momento. Sempre circularemos pola dereita.



Aínda que estas normas verédelas no citado Plan, lémbrovos que non está en servizo a sala de estudo e, en canto á Biblioteca, seguirá prestando servizo mediante cita previa, solicitando os libros a través do correo [biblioteca@ourense.uned.es](mailto:biblioteca@ourense.uned.es) . Desde a Biblioteca darase á interesado cita para recoller o seu libro. As devolucións fanse no vestíbulo depositando o libro ou libros nun contedor a iso destinado. Non se pode acceder fisicamente á Biblioteca.

Os días 8 e 9 de outubro non haberá titorías porque serán dúas xornadas de portas abertas, que este ano inclúen senllas conferencias ás 18.00 horas, emitidas a través de INTECCA. Para os alumnos que sodes novos na nosa Universidade, facilítovos unha ligazón para que vos inscribades e poder seguir esas dúas xornadas en directo:

<http://extension.uned.es/actividad/23192&codigo=JPAUO>

Con iso, pretendemos axudarvos a sacar o máximo partido ao voso tempo de estudo, indicando estratexias e técnicas de planificación e organización do tempo de aprendizaxe e habilidades que esperamos contribúan a que desenvolvedes con éxito a vosa formación académica na UNED. Para manterse ao tanto destas e outras actividades, é fundamental consultar o voso propio correo de estudante, ademais da web do Centro Asociado de Ourense: [www.unedourense.es](http://www.unedourense.es), así como as redes sociais:

<https://twitter.com/UNEDOurense>

<https://www.facebook.com/UNEDOurense>

<https://www.instagram.com/unedourense/>

Un cordial saúdo

Ourense, na data da firma